



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Programa ERASMUS+

Acción Clave 1: Movilidad educativa de persoas.

Proxecto propio do CIFP Imaxe e son

2022-1-ES01-KA131-HED-000056512

No desenvolvemento do presente proxecto de mobilidade participan: Erasmus +, SEPIE, e CIFP Imaxe e son. A Comisión Europea é a responsable do desenvolvemento do programa Erasmus+, SEPIE é a axencia nacional que promove e executa o programa a escala nacional.

1. Obxecto da convocatoria.

O propósito desta convocatoria é a concesión de 6 axudas de mobilidade de aprendizaxe por observación para o persoal docente do CIFP Imaxe e son da Coruña en Institucións de educación superior nos países reflectidos a continuación:

Características das mobilidades ofertadas:

PAÍS	Nº Prazas	Centro de destino	Duración	Datas de mobilidade
IRLANDA	2	► (Pendente de selección por parte do profesorado beneficiario)	6 días	16 – 21 xaneiro
PORTUGAL	2	► (Pendente de selección por parte do profesorado beneficiario)	6 días	23 - 28 xaneiro
ITALIA	2	► (Pendente de selección por parte do profesorado beneficiario)	6 días	16 - 21 xaneiro

A mobilidade é de cinco días pero compútase tamén medio día para a viaxe de ida e outro medio para o de volta. En total, seis días de mobilidade. O cálculo de apoio individual é o que corresponde ao indicado na páxina 78/481 da [Guía Erasmus 2022](#)

O gastos de desprazamento están calculados segundo a aplicación Erasmus +: [Distance calculator](#).

PAÍS	Distancia	Desplazamento estandar	Desplazamento ecolóxico	Apoio individual (½ día de ida + 5 días estancia + ½ día volta +)
IRLANDA	500-1999	275	320	840
PORTUGAL	100-499	180	210	720
ITALIA	500-1999	275	320	720

O persoal que opte polo desprazamento ecolóxico recibirá até catro días de apoio individual adicional para cubrir os días de viaxe nun traxecto de ida e volta, si procede.

O 80% dos gastos da mobilidade será ingresada ao persoal beneficiario antes de iniciar a viaxe e o 20% restante será pagado á volta da mobilidade.

Por motivos de loxística e organización as datas de mobilidade poden sufrir modificacións.

2. Requisitos

A persoa solicitante estará vinculada ao CIFP Imaxe e son durante o tempo no que se realice a mobilidade e terá que estar impartindo docencia ou formar parte do equipo directivo.

3. Actividades e finalidade da mobilidade.

As persoas beneficiarias da axuda de mobilidade seguirán o programa de actividades acordado entre elas mesmas e o Centro educativo de acollida. As actividades máis comúns son:

- Visitas a centros formativos.
- Visitas a empresas do sector.
- Asistencia a actividades culturais.

Con esta actividade o CIFP Imaxe e son pretende:

- Iniciar relacións con empresas do sector coa finalidade de enviar ao noso alumnado a facer a FCT en abril de 2023.

4. Calendario

- 16 decembro
 - ▶ Fin prazo de entrega de solicitudes de mobilidades. 14.00h.
 - ▶ Publicación Provisional listaxe de persoal beneficiario. 15:00h.
- 22 decembro
 - ▶ Publicación listaxe definitivo.
- 13 xaneiro
 - ▶ Convenio entre profesorado viaxante con Centro formativo de destino
- 16 - 21 xaneiro
 - ▶ Viaxe a Irlanda.
- 23 - 27 xaneiro
 - ▶ Viaxe a Portugal e a Italia.
- 30 Xaneiro
 - ▶ Información ao alumnado das prazas ofertadas e dispoñibles de mobilidades para facer a FCT desde Abril ao 30 de xullo de 2023

5. Axudas para necesidades especiais

O programa Erasmus+ ten por obxectivo promover a equidade e a inclusión tanto do alumado como do profesorado. Existen vías de financiamento especial para persoas con discapacidade física ou intelectual. A información sobre este tipo de financiamento pode consultarse co coordinador de programas internacionais do CIFP Imaxe e son. Máis información sobre estas axudas no enlace: [Erasmus+: un programa inclusivo.](#)

6. Trámites a seguir antes, durante e ao finalizar a mobilidade.

I. ANTES DE COMEZAR A ESTANCIA.

Unha vez publicada a resolución definitiva da convocatoria, o profesorado adxudicatario deberá cumprir os seguintes trámites:

- ▶ Presentar o formulario de datos bancarios ou fotocopia de datos da conta bancaria na que o adxudicatario sexa titular para o ingreso da bolsa.

- ▶ Asinar o convenio de Subvención e o Convenio co CIFP Imaxe e son no prazo que se estableza.
- ▶ Seguir os trámites necesarios para asegurarse da cobertura sanitaria no país de destino (Tarxeta Sanitaria Europea e/ou seguro sanitario equivalente).
- ▶ Contratar un seguro de responsabilidade civil durante o tempo que dure a mobilidade.
- ▶ Xestionar a súa viaxe e o aloxamento.
- ▶ Solicitar permiso á Dirección do CIFP Imaxe e son quince días naturais antes de iniciar a mobilidade.

A documentación que o profesorado beneficiario levará ao país de destino será a seguinte:

- Carta de admisión do centro educativo de destino.
- Programa de mobilidade
- DNI / Pasaporte.
- Tarxeta Sanitaria Europea e/ou seguro sanitario equivalente.
- Seguro de responsabilidade civil.

II. DURANTE A ESTANCIA

Durante a estancia, o persoal adxudicatario deberá:

- ▶ Incorporarse ao centro de destino na datas prevista e presentarse ao coordinador de programas internacionais.
- ▶ Permanecer no destino durante a totalidade da estancia indicada no convenio de subvención. e levar a cabo o plan de mobilidade acordado.
- ▶ Informar das incidencias na maior brevidade posible.

AO REGRESAR

Ao finalizar a estancia, deberán entregar ao coordinador de programas internacionais, nun prazo máximo de quince días desde o regreso:

► Certificado de confirmación da estancia asinado e selado pola Institución ou organismo educativo de destino ou polo responsable da empresa/organismo, no que se especifiquen datas de estancia, se informe que se seguiu a planificación prevista, ou de habelas, as modificacións .

É obrigatorio que a data da certificación ha de ser igual ou posterior á data de finalización da estancia. Non se admitirán certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.

► Cada participante deberá realizar unha memoria da súa experiencia a nivel académico, profesional, lingüístico, cultural, etc. que enviarán ao coordinador de programas internacionais nos 15 días seguintes a súa chegada. Estas memorias publicaranse na web do CIFP Imaxe e son , e quedarán arquivadas para posteriores actividades: charlas, presentacións, información sobre os centros de destino, etc.

► Logo da entrega da documentación anterior procederase ao pagamento a cada persoa beneficiaria do 20% restante da beca de mobilidade.

7. Solicitude do profesorado.

As persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude (Anexo I).
- Certificacións de formación en idiomas (no caso de telas)

A presentación da solicitude implicará, coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e do regulamento. Coa firma da solicitude o solicitante autoriza o uso dos seus datos relativos a nome, apelidos, valoracións e destinos solicitados e adxudicados no taboleiro de anuncios e na web do centro.

A desconformidade con este apartado poderá ser manifestada mediante escrito que será achegado no momento da presentación da solicitude.

8. Lugar e datas de entrega da documentación

A documentación solicitada, en formato papel, debe dirixirse á Comisión avaliadora de mobilidades de proxecto propio.

Lugar: Administración do CIFP Imaxe e son.

Datas de entrega: A partires do día da publicación da convocatoria e até o 16 de decembro en horario de 9:00h. a 14:00h.

9. Criterios de selección do profesorado solicitante.

A convocatoria será resolta pola Comisión de baremación. A Comisión estará formada por: director do centro ou persoa en quen delegue, coordinador de programas internacionais, dous membros do equipo directivo, un profesor/a. Os criterios de selección son:

I. Antigüidade no centro (máximo 2 puntos).

- Con data de destino definitivo anterior ao curso 2017-2018: 2 puntos.
- Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2017-2018 e a actualidade: 1 punto.
- Con destino provisional: 0 puntos.

II. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 5 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta:

a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas. A puntuación da persoa candidata será a resultante da suma da puntuación de idioma de destino e de inglés.

Idioma de destino	AI - A2	B1- B2	C1 - C2
Ptos	1	1,5	2,5

Inglés	AI - A2	B1- B2	C1 - C2
Ptos	1	1,5	2,5

b) Si a persoa candidata non ten certificación de competencias lingüísticas e solicita baremación a Comisión proporá o procedemento de valoración e puntuación que corresponda..

III. Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos).

A valoración farase tendo en conta a opinión do equipo directivo. Os criterios de baremación do profesorado e cargos en activo durante do curso 22-23, son:

- 3 ptos Profesor/a titor/ de FCT.
- 2 ptos Forma parte do equipo directivo, Responsable do Departamento de relación con empresas, Coordinación de programas internacionais.
- 1 pto Participa nalgunha das comisións: CARTES, Consellería, ACOREUROPA, Proxecto propio.
- 1 pto Participa no Seminario de internacionalización do CIFP Imaxe e son.

Nota: A puntuación de participación en Comisións e no Seminario son acumulables.

IV. No caso de empate nos méritos

Terase en conta, por orde:

1. Ao profesorado que nunca participara nas mobilidades do Programa Erasmus+.
2. Por sorteo.

10. Adxudicación das axudas de mobilidade.

A puntuación obtida por cada persoa candidata a cada lugar ofertado na convocatoria variará en función das súas competencias lingüísticas no idioma do país de destino. Xa que logo, o procedemento que se seguirá para adxudicar as mobilidades será:

- Cada persoa só poderá elixir un destino.
- Para cada destino: Portugal, Irlanda e Italia, elaborárase unha lista ordenada por puntuación das persoas solicitantes.
- Iniciarase a adxudicación das prazas seguindo a xerarquía: País – Puntuación Solicitante- Orde de preferencia de destino do solicitante.

Rematada a adxudicación das persoas beneficiarias de cada destino ofertado seleccionárase as persoas que quedarán en lista de espera para cada destino.

Coordinación internacional poderá convocar unha reunión entre as persoas solicitantes para propiciar acordos na adxudicación das axudas de mobilidade.

11. Renuncias.

A renuncia a unha axuda de mobilidade xa adxudicada presentarase por escrito ao coordinador Erasmus da Escola no prazo de 2 días dende a resolución definitiva da convocatoria.

O contido desta convocatoria é responsabilidade do CIFP Imaxe e son e toma como referente a Guía Erasmus+ 2022

En: http://sepie.es/doc/convocatoria/2022/2022-erasmusplus-programme-guide_es.pdf

Finalmente e, segundo a Guía Erasmus + 2022:

“A educación, a formación, a xuventude e o deporte son ámbitos clave que contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional da cidadanía. En última instancia, unha educación e formación de gran calidade e inclusiva, así como o aprendizaxe informal e non formal, equipan aos novos estudantes e participantes de tódalas idades coas cualificacións e capacidades necesarias para unha participación significativa nunha sociedade democrática, o entendemento intercultural e para xestionar con éxito as transicións ao mercado laboral.”

A Coruña, 13 de decembro de 2022
Coordinación de programas internacionais
CIFP IMAXE E SON



**Cofinanciado por
la Unión Europea**



ANEXO I: IMPRESO SOLICITUDE

CONVOCATORIA ERASMUS+ AÑO 2022/2023 Proxecto: 2022-1-ES01-KA131-HED-000056512

DATOS PERSOAIS

Nome e Apellidos		DNI	
Corpo			
Male	<input type="checkbox"/>	Female	<input type="checkbox"/>
e-mail			

IDIOMAS

	Idioma 1:	Idioma 2:	Idioma 3:
Idioma			
Nivel (de A1 a C2)			

PAÍS DE DESTINO (Indicar por orde de preferencia)

1º	
2º	
3º	

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

Acreditación idiomas:

Outros:

Sinatura:

A Coruña, de de 202